



CONTESTACIÓN ÁS SOLICITUDES XENÉRICAS FORMULADAS POR D. MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

-O 8 de maio de 2022 o solicitante presentou no Rexistro Electrónico do Consello de Contas de Galicia una solicitudes xenérica (SIA 2427562, Serie 0050), que foi rexistrada co número 2022-E-RE-814.

Nesta solicitude D. Miguel Ángel Delgado González dicía actuar como Presidente da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), se ben non acreditaba dita condición nin expresaba que presentaba a solicitude en representación da mesma.

No seu escrito o Sr. Delgado solicitaba textualmente:

-“Copia del informe de fiscalización de los contratos tramitados de emergencia por la xunta de Galicia para atender las necesidades derivadas de las medidas adoptadas para hacer frente a la crisis sanitaria causada por el covid-19, del ejercicio 2020.”

-“Documentación pública y copia íntegra de todo documento o dato en el mejor formato digital posible sobre los documentos existentes en la Xunta de Galicia sobre los contratos tramitados de emergencia por la xunta de galicia para atender las necesidades derivadas de las medidas adoptadas para hacer frente a la crisis sanitaria causada por el covid-19, del ejercicio 2020.”

Unha vez revisada a solicitude, foi tratada como unha petición de acceso a información pública no marco da Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tal e como tamén o indicaba o solicitante no seu escrito, aceptándose se ben a petición non fora dirixida á instancia idónea segundo o previsto na lei 19/2013, xa que a mesma esixe facer a petición ao titular da entidade posuidora da información e non a un departamento da institución.

No caso da petición formulada polo Sr. Delgado, en aplicación do previsto no artigo 14 de dita lei 19/2013, o acceso á información sempre resulta limitado polo prexuízo que poida causar ás funcións administrativas de control exercidas polo Consello de Contas, máxime cando a





información requirida estaba en curso de elaboración e a petición realizada solicitaba a subministración de material de carácter auxiliar ou de apoio da actuación fiscalizadora principal.

Así pois, de acordo co previsto no artigo 18 a) e b) da referida Lei 19/2013, a solicitude do Sr. Delgado foi inadmitida a trámite.

Por último, de conformidade co artigo 20.4 da mesma lei, unha vez transcorrido o prazo legal, sen ditar nin notificar resolución expresa sobre a petición, a mesma debe entenderse desestimada a todos os efectos.

-O 18 de xullo de 2022, D. Miguel Ángel Delgado González presentou ante o Rexistro do Consello de Contas de Galicia outra solicitude xenérica (SIA 2427562, Serie 0050), que foi rexistrada co número 2022-E-RE-1542.

Nesta nova solicitude presentada por D. Miguel Ángel Delgado González como Presidente de PLADESEMAPESGA, pero, ao igual que na anterior, sen acreditación de tal condición nin da representación conferida para o efecto, fanse 3 peticións:

-“Información acerca del estado del procedimiento. NÚM. REXISTRO 2022-E-RE-814 - 08/05/2022 11:39 Solicitude xenérica (SIA 2427562, Serie 0050) Interesado 32413124Y MIGUEL ANGEL DELGADO”

-“Apertura de procedimiento administrativo del procedimiento de responsabilidad patrimonial por infracción muy grave contra mis derechos.”

-“Expedición de certificado de acto presunto do NÚM. REXISTRO 2022-E-RE-814 - 08/05/2022 11:39 Solicitude xenérica (SIA 2427562, Serie 0050) Interesado 32413124Y MIGUEL ANGEL DELGADO”

O primeiro que é necesario precisar é que, como se deixou dito anteriormente, non estamos ante un procedemento administrativo típico, do todo imposible porque, en aplicación do previsto no artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das





Administracións Públicas, nin o Sr. Delgado, quen, ao longo desta segunda solicitude xenérica atribúese individualmente a consideración de interesado e afectado, nin PLADESEMAPESGA teñen a consideración de interesados nun procedemento administrativo, xa que o solicitante non é titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos en relación co contido da solicitude nin a plataforma mencionada constitúe unha asociación profesional, á que o contido da solicitude afecte na súa esfera xurídica de intereses dun modo efectivo e acreditado e non meramente hipotético, potencial e futuro, toda vez que o imprescindible interese lexítimo que debe concorrer non ampara o puro interese pola legalidade, nin comprende un interese fronte a agravios potenciais ou futuros.

Así pois, a solicitude xenérica primeira enmárcase nunha simple petición a título individual de información pública, coas condicións e límites recollidos na xa referida Lei 19/2013.

Como xa razoouse anteriormente, dita petición foi inadmitida por silencio negativo, co que o petionario ten abertas na actualidade todas as vías de actuación previstas na normativa vixente.

Por outra parte, é preciso recordar que o artigo 49 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, publicado no DOG núm. 46, do 7 de marzo de 2017, relativo ao traslado e publicidade dos informes de fiscalización elaborados polo Consello, sinala que, unha vez aprobados os informes de fiscalización polo Pleno da institución, faranse públicos a través das páxinas web do Consello de Contas e do Parlamento. Neste senso, atópase neste momento publicado na páxina web do Consello de Contas de Galicia, na sección "*Fiscalización. Últimos Informes*", o **INFORME DE FISCALIZACIÓN SOBRE A APLICACIÓN E SUFICIENCIA DOS INGRESOS DO FONDO COVID-19 PARA A XESTIÓN DA PANDEMIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EJERCICIO 2020**, aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa xuntanza do 20 de xullo de 2022.

Por último, en relación coa solicitude de apertura de expediente de responsabilidade patrimonial, a fin de indemnizar ao solicitante polo suposto "grave dano patrimonial" infrinxido, a solicitude non procede por non cumprir os requirimentos legais esixidos.

En efecto, o artigo 32 1 e 2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, require, dunha parte, que se sufra unha lesión en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos e, doutra, que o dano



Consello de Contas
de Galicia



alegado sexa efectivo, avaliable economicamente e individualizado. Ditas circunstancias non concorren evidentemente no caso nin son descritas na solicitude xenérica formulada, impedindo, conseguintemente, a tramitación de calquera tipo de procedemento de responsabilidade patrimonial previsto legalmente.

Santiago de Compostela,

A Secretaria Xeral

(asinado dixitalmente)

Ana Ornilla Guillamon

